

Información sobre as pensións do profesorado

O incremento das pensións, como o dos salarios no sector público, é do 0,9% no 2021

As pensións soben só na mesma medida que o IPC previsto para este ano e logo de que recentemente a maioría do Congreso español dera luz verde ás recomendacións da 3ª rolda do Pacto de Toledo, que terán que ser agora negociadas antes de se converteren en Lei, e que todo apunta a que será novamente fóra dunha auténtica mesa de negociación, recorrendo ao “diálogo social” blindado por CCOO, UGT e a patronal.

Queda por diante ver como se concreta nun futuro próximo o marco legal das pensións públicas, nun momento no que as declaracións do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións xa apuntan a novos recortes, na liña contraria á demandada anulación das reformas das pensións impostas polo PSOE no 2011 e o PP no 2013 e que levaron a pensionistas e xubiladas da CIG a criticar con contundencia tanto as conclusións do Pacto de Toledo como as previsións do goberno español.



Nun momento no que a principal reclamación de pensionistas e persoas xubiladas de todo o Estado, e especialmente no caso do noso país, coas **segundas pensións máis baixas**, é a **anulación das reformas** aplicadas en plena crise económica e social da década pasada, todo parece apuntar a que o único paso en positivo que está disposto a dar o goberno Sánchez é a **vinculación das pensións ao IPC**, unha **medida a todas luces insuficiente** fronte ao deterioro das condicións de xubilación introducidas polas reformas do 2011 e 2013.

No 2021 a xubilación no **Réxime Xeral** amplíase aos **66 anos** para todas aquelas persoas que **non teñan cotizados 37 anos e tres meses**, manténdose o dereito á

xubilación aos 65 anos só para quen supere ese mínimo de tempo cotizado. Tamén **se eleva no 2021 o tempo de cálculo** para a pensión, subindo aos **24 últimos anos**. Ambas cifras (tempo mínimo de cotización e tempo para o cálculo da pensión) van en constante aumento desde o ano 2011, cando o **goberno Zapatero, co apoio da patronal, CCOO e UGT** deron o visto bo á reforma das pensións. Naquela altura a xubilación ordinaria do Réxime Xeral producíase aos 65 anos e calculábase cos últimos 15 anos.

Por tanto, a reforma das pensións non só non se veu alterada senón que segue adiante nos seus elementos máis lesivos.

Por outro lado, o **profesorado de Clases Pasivas**, xa en vías de extinción e reducíndose anualmente desde o ano 2011, **mantén a xubilación anticipada a partir dos 60 anos nas mesmas condicións** que viña desfrutando desde que se anulou a gratificación extraordinaria para promovela. A incorporación obrigatoria do novo funcionariado de carreira ao Réxime Xeral logo da reforma das pensións de 2011 obriga a traballar máis anos o profesorado de nova incorporación ao sistema educativo e, xunto co profesorado interino, pasarán en poucos anos a ser a maioría do persoal docente, co que isto implica na prolongación da vida laboral do profesorado e no seu avellentamento.

Obxectivo: pensións públicas. Dos recortes que se manteñen aos que se pretenden aplicar

Queren que traballemos máis para cobrar a mesma pensión

As previsións que desde a CIG faciamos sobre que podería acontecer coas pensións hai agora un ano cúmprense: o goberno español de coalición está a actuar na liña de **subir as pensións segundo o IPC** mais buscando outras vías para **reducir o “gasto” público nesta partida** coa conseguinte **perda de dereitos** das futuras xubilacións. Así, aplícanse xa medidas ou anúncianse outras novas para **aumentar a idade efectiva de xubilación** como, por exemplo, a **prolongación voluntaria da idade de xubilación** mediante a extensión da compatibilidade entre os ingresos de actividades profesionais e a pensión de xubilación ou simplemente co

incentivo de **atrasar a idade de xubilación mediante complementos de pensión**. Alternativas que implican un xogo maquiavélico: lexíslase para que teñamos cada vez unha pensión máis reducida e despois promociónase que poidamos mellorar esa pensión sempre a cambio de ampliar a nosa vida laboral ou compatibilizar unha segunda actividade coa nosa pensión.

Aumentar a idade de xubilación implica reducir postos de traballo para xente nova

Como efecto inmediato tamén temos un **empeoramento do acceso ao mercado laboral das persoas máis novas**, cun dos índices de desemprego máis alto da UE. Ou sexa, traballar máis anos para ter a mesma pensión

ou unha lixeiramente superior mentres se bloquea o acceso de novas traballadoras. Isto a día de hoxe ten no ensino público un efecto reducido ao estar aínda en vigor a xubilación anticipada do Réxime de Clases Pasivas, que permite que cada ano se xubilen centos de docentes con 60 anos. De aí as ofertas de emprego destes anos. Mais a progresiva redución deste funcionariado vai provocar, como denunciámos desde a CIG-EnsinO, un elevado avellentamento do persoal docente e unhas condicións máis complicadas para o exercicio do noso traballo. Por iso, a defensa dunhas pensións dignas, e non só nas súas contías senón nas condicións para obtelas, debe ser unha das preocupacións e demandas de todo o profesorado.

Novas propostas para reducir as pensións: pagar menos e pensións complementarias

Un informe remitido recentemente polo goberno Sánchez a Bruxelas indica que pretenden **ampliar o tempo cotizado para o cálculo das pensións**. Se até o 2011 ese cálculo se facía cos últimos 15 anos e coa reforma dese ano se foi ampliando progresivamente **até os 25 anos no 2022** (neste ano 2021 téñense en conta os últimos 24 anos), a disposición actual é **incrementar até os 35 anos o tempo de cálculo**. O propio goberno cifra nun **5,5% o recorte medio** nas pensións de se aplicar esa reforma. Hai que ter en conta que o habitual na vida laboral é que os salarios vaian en aumento conforme se avanza en antigüidade, razón

polo que o goberno pretende ampliar os anos que se usan para o cómputo.

Outra das medidas que apunta o goberno español de cara a unha nova reforma das pensións está na aposta por un **sistema complementario de pensións individuais** (na liña do que se coñece como “mochila austríaca”), e que implica un dobre ataque á clase traballadora. Primeiro empeora aínda máis as condicións de traballo, xa que ese complemento individual saíría da redución dos nosos salarios para converterse nunha sorte de “aforro individual”, que mesmo podería ser

empregado para o pago de indemnizacións en caso de despedimento (como acontece co modelo austríaco). Existe no sector público, no que fai referencia á creación dun fondo de pensións, un antecedente similar na Administración Xeral do Estado, na que durante uns anos se diferiu un 0,5% do incremento salarial a un **plan privado de pensións**. Uns fondos que, ademais, foron xestionados por unha entidade creada especificamente para este fin e na que o **BBVA tiña o 70% e CCOO e UGT o 30%** restante: os mesmos que o aprobaron lucráronse dos seus efectos financeiros, con ingresos millonarios para estes sindicatos.

Fronte ás mentiras sobre as pensións, defendamos o seu carácter público

As medidas que se propoñen, como aconteceu coa crise e as reformas do 2011 e 2013, fanse en nome do “futuro das pensións” e dos “ditados da Unión Europea”. A realidade é que **o Estado español é dos estados europeos que menos gasto soporta para sufragar o sistema de pensións** e que a redución das achegas de cotizacións obedece aos **altos índices de desemprego, á emigración masiva de mozos e mozas** coa caída da poboación activa, á **redución dos salarios e das xornadas laborais**, xunto con **políticas regresivas en materia fiscal**. Factores que xunto coas reformas laborais provocaron a consolidación da “pobreza laboral” na nosa sociedade, con contratos precarios por horas, días e semanas así como

a proliferación de contratos a tempo parcial. Nun sistema de pensións públicas como o que temos, reducir a cotización global da poboación en activo implica reducir as fontes de financiamento das pensións.

É fundamental mudar as políticas laborais e salariais non só para mellorar as condicións de quen traballa senón tamén para blindar as pensións. Mais debemos ter claro que as cotizacións á Seguridade Social non son a única vía para afrontar o pago das pensións. **Os orzamentos xerais poden ser unha vía perfectamente válida para garantir as pensións públicas** cando as cotizacións á seguridade social non abundan. Así acontece neste momento coas pensións de Clases Pasivas

do Estado, que son a cargo dos orzamentos xerais do Estado e todo parece indicar que tamén se fará o mesmo con pensións non contributivas, como as de viuvez, que deixarán de depender da caixa única da S. Social.

Polo tanto, hai dúas vías fundamentais para garantir o futuro das pensións públicas: **reverter a situación actual no que ten a ver coas cotizacións** (emprego de calidade e salarios dignos, estabilidade laboral, xornadas completas, etc...) e asumir que se esas medidas non son suficientes nun momento puntual, sempre existirá a garantía do Estado, a través de decisións na súa política económica, de carácter fiscal e orzamentario e de garantía das pensións públicas.

Os efectos das reformas das pensións no profesorado do ensino público

O principal efecto das políticas regresivas en materia de pensións públicas na última década, dentro do ensino público, súfreo o **funcionariado de carreira que accedeu á docencia con posterioridade a xaneiro de 2011** así como o **persoal interino**.

Ambos colectivos son do Réxime Xeral da Seguridade Social e, por tanto, vense afectados polo efecto directo da reforma do 2011 do **gobierno do PSOE** e que contou co **benaplácito de CCOO e UGT**. Así, **a idade ordinaria de xubilación esténdese** nestes casos **aos 67 anos**, agás para aquelas persoas que cando cumpran 65 anos teñan

cotizados 38 anos e medio (no 2027).

Tamén para ambos colectivos ampliouse o período de cómputo para o valor da pensión desde os 15 anos que tiñamos antes da reforma até **os 25 anos** que se terán en conta no 2022, o que implica unha **redución desa pensión**.

Outro efecto daquela reforma é que **para acadar o 100% da pensión** haberá que ter **cotizados 37 anos**, cando antes da reforma eran 35.

Tamén se produce unha **perda de dereito no acceso á xubilación por incapacidade permanente total**, xa que a redución da contía da pensión

ao respecto do profesorado de Clases Pasivas é moi relevante. Polo tanto, cando falamos da necesidade de tirar abaixo as reformas das pensións, non só nos estamos a referir á indexación destas ao IPC senón á derogación completa. As declaracións de varios membros do novo goberno, incidindo de novo no Pacto de Toledo, non fan prever que haxa intención real de entrar a fondo na recuperación do noso dereito a unhas pensións dignas senón a limitarse a cambios superficiais que procuren desactivar as mobilizacións dos colectivos de persoas xubiladas e pensionistas.

Xubilación anticipada para todo o profesorado

Cando **CCOO e UGT** pactaron co **Gobierno Zapatero** a reforma das pensións de 2011, aceptaron **atrasar a idade da xubilación**. Asinaron traballar máis anos. E así deron o seu apoio a **xubilarse con carácter xeral aos 67 anos**: unha realidade que vivirán todas as persoas que non teñan 38 anos e medio cotizados a partir do ano 2027. A adaptación desa ampliación da vida laboral para o Réxime de Clases Pasivas chegou a filtrarse aos medios e supuña un endurecemento idéntico para este profesorado. Mais finalmente aquela reforma quedou no caixón co cambio de goberno. Desde aquela segue a ser un dos principais motivos de incerteza e preocupación para o persoal docente de Clases Pasivas.

A CIG-Ensino mantén como obxectivo principal conseguir o

dereito indefinido á xubilación anticipada dos corpos docentes, dos que aínda manteñen ese dereito (Clases Pasivas) e das que xa non contan con el:

Estas son as nosas propostas:

- Restabelecemento do **dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado**, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- O profesorado que teña **60 anos de idade e 25 anos de servizo** terá dereito a percibir as **gratificacións** que corresponda por xubilación anticipada.

Como afecta a reforma das pensións do Réxime Xeral pactada por CCOO e UGT?

- xubilación ordinaria con 67 anos (antes 65)
- 100% da pensión con 37 anos cotizados (antes 35)
- cálculo da pensión cos 25 últimos anos cotizados (antes 15)
- endurecemento das condicións da xubilación anticipada.

(Até o 2027 hai un período transitorio de aplicación da reforma. No ano 2021 a xubilación ordinaria xa se eleva ao 66 anos para quen teña menos de 37 anos e 3 meses cotizados)

- Negociación dun acordo coa Consellaría para que o profesorado que opte pola **xubilación anticipada** perciba unha **gratificación** que, sumada á pensión que reciba, sexa **equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos**.
- Xubilación **obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar**

os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima correspondente ao seu corpo.

- As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas e **ofertaranse nas seguintes oposicións** e concursos de traslados.
- **Mellora das actuais pensións. Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo**, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.



Xubilación anticipada do réxime de Clases Pasivas

Suprimida a xubilación anticipada que estaba prevista na LOE para o persoal docente só permanece en vigor a xubilación anticipada para o funcionariado pertencente ao Réxime de Clases Pasivas, sempre que cumpra as seguintes condicións:

- 1.- Ter cumpridos os **60 anos de idade**.
- 2.- Ter un **mínimo de 30 anos de servizos**, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). As docentes que se acollan á xubilación anticipada non terán dereito ao complemento por

maternidade en vigor desde o 1 de xaneiro de 2016, ao fixarse este complemento para as xubilacións forzosas ou por incapacidade.

- 3.- Ter cotizados os **últimos cinco anos no Réxime de Clases Pasivas** cando se computen cotizacións a outros réximes da Seguridade Social.
- 4.- Facer a solicitude cun **mínimo de 3 meses de antelación**.

Hai que ter en conta, ademais, que o Réxime de Clases Pasivas é, desde o ano 2011, un **réxime a extinguir**, por canto todas as persoas que accederon á función pública docente como

funcionariado de carreira desde ese ano xa se xubilarán coas normas do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Para a CIG-EnsinO as **condicións de xubilación** dos corpos docentes deberían ser **idénticas**, independentemente do réxime ao que se pertenza e, por tanto, tamén debería ser obxecto de negociación, no marco da necesaria recuperación dos dereitos que nos foron roubados nestes últimos anos, a aplicación a todo o persoal docente das normas de xubilación anticipada para o persoal docente ou, cando menos, as de Clases Pasivas do Estado.

Cómputo dos servizos prestados noutros corpos

Existe unha fórmula que establece a equivalencia entre os servizos prestados nos distintos grupos funcionariais. Está fixada no artigo 31.2 do Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas (RDL 670/1987). Só para aquelas persoas que accederon á función pública antes de xaneiro de 1985 e se xubilen forzosamente ou por incapacidade permanente, ou ben falezan, o cálculo da pensión incluírá 10 anos do cómputo no grupo inferior como se fosen no superior. No caso de que se teñan acreditados máis de 35 anos de servizos, tómanse os 35 anos de maior haber regulador para o cálculo da pensión.

Cómputo dos servizos prestados no Réxime Xeral da Seguridade Social

Cómputo recíproco

O cómputo recíproco é unha equivalencia entre as cotizacións a outros réximes públicos de cotización, habitualmente o Réxime Xeral ou o de Autónomos e os prestados como persoal funcionario, en función dos grupos de cotización.

Por unhas pensións públicas dignas e garantidas

Grupos de cotización na Seguridade Social	Réxime de Clases Pasivas
1 (grupo 1 + Persoas autónomas licenciadas e enxeñeiras)	A1
2 (grupo 2 + Persoas autónomas Enxeñeiras Técnicas e peritas)	A2
3 (grupos 3, 4, 5, 8 e Persoas Autónomas en xeral)	C1
4 (grupos 7 e 9)	C2
5 (grupos 6, 10, 11, 12 e persoas empregadas do fogar)	E / AP

Outros beneficios e asimilábeis á cotización.

Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios:

Cotización por parto:

112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples) para aquelas traballadoras que non cotizaran, gozasen ou cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto. Este período ten que ser certificado polo INSS e pode ser considerado para completar o período de carencia (recoñecemento de pensión forzosa se os servizos son inferiores a 15 anos ou dos 30 anos para acceder á xubilación voluntaria).

Cotización por coidado de fillos ou fillas:

Nos casos de xubilacións desde o 2019 **calquera dos dous proxenitores teñen dereito á cotización de 270 días sempre**

e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización. Este período non é válido para completar o período de carencia mais si a efectos de completar os anos de servizo e mellorar a porcentaxe a aplicar no Haber Regulador.

Cotización do tempo de servizo militar, prestación social substitutoria ou Servizo Social Obrigatorio da Muller

Para aquelas persoas que fixeron o servizo militar ou a PSS con posterioridade ao acceso á función pública cómputase todo o tempo prestado. Para as persoas que a fixeron con anterioridade considéranse como servizos efectivos ao Estado o tempo de servizo militar ou PSS o que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de facer a “mili”, computando no grupo E. O Tribunal Supremo recoñeceu no ano 2020 este mesmo dereito para as mulleres que se viron obrigadas a prestar o Servizo Social até o ano 1978.

En todos os casos o tempo cotizado computa aos efectos de cumprir os requisitos para a xubilación, tamén na anticipada.



A compatibilidade das pensión en Clases Pasivas

As pensións do Réxime de Clases Pasivas previas ao 1 de xaneiro de 2009 son incompatíbeis con outros traballos no sector público. Aquelas que sexan posteriores a esa data son incompatíbeis co exercicio doutras actividades por conta propia ou allea. Sen prexuízo disto, o cobro dunha pensión neste réxime é compatíbel con outra actividade por conta propia ou allea nos seguintes termos:

- Terse xubilado na idade de **xubilación forzosa (65 anos)**.
- Contar co **100% do haber regulador**.
- Durante o tempo en que a

persoa xubilada realice outra actividade que implique a alta nalgun réxime de cotización percibirá o **50% da pensión asignada ou da pensión pública máxima** segundo corresponda, con revalorización anual. Unha vez rematada a actividade por conta propia ou allea **recupérase a pensión completa coa revalorización** correspondente.

No caso de xubilacións por **incapacidade total** (para as funcións do propio corpo no que se traballa), realizar unha actividade distinta á que viñan realizando como persoal funcionario implica unha redución da pensión deste xeito:

- Persoal funcionario xubilado **con máis de 20 anos de servizo** ao Estado: **mantén o 75% da pensión**.

- Persoal funcionario xubilado **con menos de 20 anos de servizo** ao Estado: **mantén o 55% da pensión**.

No Réxime de Clases Pasivas non é posíbel compatibilizar o cobro íntegro da pensión coa realización de traballos por conta propia, no Réxime de Autónomos, cando os ingresos anuais son inferiores ao SMI, como si acontece coa pensión do Réxime Xeral.

As xubilacións por incapacidade permanente

As pensións de xubilación por incapacidade total (para as funcións propias do corpo docente) **tamén sufriron nos últimos anos recortes importantes**. En primeiro lugar tivo lugar unha reforma para o persoal de Clases Pasivas no ano 2009, fixando unhas porcentaxes de redución da pensión para aquel funcionariado que non tivese acreditados no momento da xubilación 20 anos de servizos ao Estado (en calquera réxime de cotización). A porcentaxe de redución faise sobre o Haber Regulador correspondente aos anos de cotización e cóntanse os anos efectivamente traballados máis os que restan para acceder á idade de xubilación como se realmente se mantivese activa a persoa xubilada por incapacidade.

Esta redución non se aplica nas incapacidades absolutas (para calquera profesión ou oficio).

Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade total, e antes de cumprir a idade obrigatoria de xubilación, se produce un agravamento, pódese solicitar unha recualificación do EVI para pasar da incapacidade total á absoluta e así ter dereito ao 100% do haber regulador.

Mais o principal recorte de dereitos veu da man dos efectos da reforma das pensións de 2011 pactada polos sindicatos estatais. A integración no Réxime Xeral e a aplicación das normas deste réxime a quen é funcionariado de carreira desde xaneiro de 2011, así como ao persoal interino, implica unhas peores condicións no caso da

Xubilación por incapacidade en Clases Pasivas	
Anos de servizo	Redución da pensión
15 anos ou menos	25%
Entre 16 e 17 anos	20%
Entre 17 e 18 anos	15%
Entre 18 e 19 anos	10%
Entre 19 e 20 anos	5%

declaración de incapacidade permanente total.

A diferenza entre unha xubilación por incapacidade permanente total pode superar o 20% no Réxime Xeral ao respecto de Clases Pasivas.

Outras pensións ou complementos de pensión

Pensión extraordinaria por accidente ou enfermidade en ou derivada dun acto de servizo ou por acto terrorista.

No caso de incapacidades que teñan a súa orixe en accidentes ou enfermidades que teñan lugar no posto de traballo ou que se deriven dun acto de servizo o haber regulador (HR) multiplícase por dous. A persoa

funcionaria ou os posíbeis beneficiarios dunha pensión en caso do seu falecemento (viuvez, orfandade...) teñen que solicitar que se incoe un expediente de investigación de causas para que se ditamine se procede ou non

pensión extraordinaria. No caso de actos derivados de terrorismo a pensión pode superar o tope máximo da pensión do Estado. Para as pensións extraordinarias non se require período de carencia.

Pensión con prolongación do servizo activo

Quen siga en activo despois de cumprir a idade de xubilación forzosa ordinaria terá dereito a que se lle recoñeza unha **porcentaxe adicional á pensión ordinaria por cada ano completo** de servizos efectivos ao Estado, entre a data en que cumpriu a idade ordinaria de xubilación e a do feito causante da pensión, segundo esta escala:

- Até 25 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2%
- Entre 25 e 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 2,75%
- A partir de 37 anos de servizos efectivos ao Estado, o 4%

Se a contía da pensión co incremento superase o límite máximo de percepción de pensións públicas (**2.707,49 €/**

mes para o ano 2021) poderase percibir unha contía adicional que sumada á pensión non poderá ser superior ao haber regulador do Grupo/Subgrupo A1 dividido en 14 pagas (**3.040,26 €/mes para o ano 2021**).

A porcentaxe de incremento obtido en ningún caso ten incidencia no cálculo de pensións en favor de familiares.

Complemento para a redución da fenda de xénero

Este é un complemento para as pensións contributivas causadas **a partir do 04/02/2021** que substitúe o complemento de maternidade que cobraban as mulleres con 2 ou máis fillos/as, vixente desde 2016.

- De entrada recoñécese a **todas as mulleres que teñan un ou máis fillos ou fillas e que cobren unha pensión contributiva** (xubilación, incapacidade permanente e viuvez), sen esixirse ningún outro requisito.
- Consiste nunha **contía fixa por cada fillo ou filla** que se revalorizará anualmente ao igual que as pensións. Cóbrase se se tivo 1 fillo (**378€ anuais en 14 pagas co valor de 2021**) e o tope son 4 fillos (**1.512€ anuais**). O importe non se terá en conta para a aplicación do límite máximo das pensións.
- É un complemento destinado ás mulleres debido á

incidencia xeral que ten a fenda de xénero no importe das pensións contributivas. Os homes poden acceder a el só en casos limitados (viuvez con fillos ou fillas en común con dereito a pensión de orfandade, ou ter interrompido ou ver reducida a súa carreira profesional polo nacemento ou adopción, e sempre cunha serie de condicións adicionais).

- É un complemento que se concede ao proxenitor que máis prexudicada teña a súa carreira laboral. No suposto de que ningún sufrise un prexuízo nas súas cotizacións para a xubilación, o complemento recoñeceráselle á nai ou, caso de ser unha parella do mesmo xénero, a aquela persoa con menor pensión.
- Poderán acceder a el as nais **tras a xubilación voluntaria anticipada mais só no caso de que pertencen ao réxime**

xeral da Seguridade Social (RXSS), ao non se incorporar este dereito á xubilación anticipada de clases pasivas (CC.PP.). Tendo en conta

- as condicións da pensión anticipada no RX e o feito de que a práctica totalidade das xubilacións anticipadas no profesorado galego son de CC.PP. a consecuencia desta discriminación será que este complemento non terá efectos nas xubilacións anticipadas.
- O complemento substitúe o anterior de maternidade, que se fixaba en porcentaxes sobre a pensión persoal (5% con 2 fillos/as; 10% con 3 e 15% a partir de 4). Quen o tivese recoñecido poderá optar por **cambiar para o novo**, se lle resulta máis beneficioso.
 - Estará en vigor mentres a fenda de xénero media do Estado se sitúe **por riba do 5%** (actualmente está nun 30%).

Pensións 2021. Profesorado de clases pasivas

Anos de servizo	% Haber regulador	Haber regulador Grupo A1: 42.563,68 €		Haber regulador Grupo A2: 33.498,68 €	
		Anual	Mes (14 pagas)	Anual	Mes (14 pagas)
15	26,92%	11.458,14 €	818,44 €	9.017,84 €	644,13 €
16	30,57%	13.011,72 €	929,41 €	10.240,55 €	731,47 €
17	34,23%	14.569,55 €	1.040,68 €	11.466,60 €	819,04 €
18	37,88%	16.123,12 €	1.151,65 €	12.689,30 €	906,38 €
19	41,54%	17.680,95 €	1.262,93 €	13.915,35 €	993,95 €
20	45,19%	19.234,53 €	1.373,89 €	15.138,05 €	1.081,29 €
21	48,84%	20.788,10 €	1.484,86 €	16.360,76 €	1.168,63 €
22	52,52%	22.354,44 €	1.596,75 €	17.593,51 €	1.256,68 €
23	56,15%	23.899,51 €	1.707,11 €	18.809,51 €	1.343,54 €
24	59,81%	25.457,34 €	1.818,38 €	20.035,56 €	1.431,11 €
25	63,46%	27.010,91 €	1.929,35 €	21.258,26 €	1.518,45 €
26	67,11%	28.564,49 €	2.040,32 €	22.480,96 €	1.605,78 €
27	70,77%	30.122,32 €	2.151,59 €	23.707,02 €	1.693,36 €
28	74,42%	31.675,89 €	2.262,56 €	24.929,72 €	1.780,69 €
29	78,08%	33.233,72 €	2.373,84 €	26.155,77 €	1.868,27 €
30	81,73%	34.787,30 €	2.484,81 €	27.378,47 €	1.955,61 €
31	85,38%	36.340,87 €	2.595,78 €	28.601,17 €	2.042,94 €
32	89,04%	37.898,70 €	2.707,05 €	29.827,22 €	2.130,52 €
33	92,69%	39.452,27 €	2.707,49 €	31.049,93 €	2.217,85 €
34	96,35%	41.010,11 €	2.707,49 €	32.275,98 €	2.305,43 €
35	100%	42.563,68 €	2.707,49 €	33.498,68 €	2.392,76 €

***Pensión máxima: 37.904,86 €/ano ou 2.707,49 €/mes en 14 pagamentos**

Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, pero o haber regulador que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posíbel pensión de viuvez e/ou orfandade. Así, por exemplo, a pensión de viuvez desde o 1 de xaneiro de 2019 é o 58% da base reguladora. Os servizos prestados no Réxime Xeral computan a través do “cómputo recíproco” mais sempre tendo en conta a pensión máxima. Para o cálculo de anos cotizados considérase equiparábel ao servizo activo os servizos especiais, os postos dentro doutras administracións ou as excedencias por coidado de fillos/as ou persoas maiores.

Xubilación de clases pasivas

TIPO DE XUBILACIÓN	REQUISITOS	CARACTERÍSTICAS	OBSERVACIÓNS	NORMATIVA
VOLUNTARIA (só para o persoal que pertence ao Réxime de Clases Pasivas)	-Idade: 60 anos. -Anos de servizo efectivos ao Estado: 30 como mínimo. Ter cotizado os últimos 5 anos polo Réxime de Clases Pasivas.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35.	É preciso solicitala con tres meses de antelación.	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): -artigos 28.2b, 30, 31 e 32 -Disp. Adic. 16ª
ORDINARIA	-Idade: 65 anos. -Anos de servizo efectivos ao estado: 15 mínimo.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35. As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento para compensar a fenda de xénero.	É xestionada de oficio pola administración se non se solicita prórroga	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): -artigos 28.2b, 30, 31 e 32 -Disp. Adic. 17ª e 18ª
PRORROGADA até os 70 anos	Solicitud cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade máxima legal. A concesión renóvase anualmente.	Igual que a ordinaria. Se existe un mínimo de 15 anos cotizados recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado por riba dos 65 anos en función dos anos cotizados: - 25 anos: 2% - Entre 25 e 37 anos: 2,75% - A partir de 37 anos: 4%	A solicitude farase ano a ano con antelación mínima de 3 meses á data de finalización da prolongación concedida. Permítese rematar o curso escolar no que se cumpren os 70 anos.	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): - artigos 30, 31 e 32. - Disp. Adic. 18ª - Lei 30/84: artigo 33. - Disp. Adic. 25ª - Lei 1/2012. Artigo 4 - Lei 48/2015. Disp. Final 1ª
INCAPACIDADE PERMANENTE (Total, Absoluta e Grande Invalidez)	Declaración previo informe vinculante por parte do EVI da Seguridade Social. I.P. TOTAL: para as funcións fundamentais do corpo. I.P. ABSOLUTA: para o desempeño de calquera profesión. I.P. GRANDE INVALIDEZ: precisa a asistencia doutra persoa para as actividades esenciais da vida.	Iguais que a ordinaria, computando como servizos prestados o que falte até os 65 anos (cun período de carencia de 20 anos no caso da xubilación total para ter o 100% da pensión). Con menos de 20 anos cotizados hai unha redución do 5% por cada ano (até un máximo do 25%). As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade. A IP por Grande Invalidez supón o 150% do HR (inclúe un complemento de MUFACE) e non require período de carencia.	<ul style="list-style-type: none"> • Pode iniciarse de oficio ou a petición do interesado. • A xubilación por IP total tributa e polo tanto ten retencións do IRPF, as outras dúas non cotizan. • A IP total é compatíbel con outro posto de traballo, coas seguintes reducións: - 25% con máis de 20 anos de servizo. - 45% con menos de 20 anos de servizo. 	Lei de Clases Pasivas (RDL 670/87): artigos 28c, 30, 31 e 32 Disp. Adic. 17ª e 18ª Lei 2/2008: Disp. Adic. 13ª Lei Seg. Social funcionariado civil (RDL 4/2000): artigos 23 a 26 Resolución 29/12/1995 da Secretaría de Estado de Admon. Pública

Exemplo de pensión

Exemplo de pensión neta segundo os haberes reguladores de Clases Pasivas para unha persoa perceptora co máximo tipo de retención do IRPF (non hai outras deducións):

Grupo	% IRPF	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual bruta	IRPF mensual	Pensión mensual neta
A1	20,23	37.904,86 €	7.668,15 €	2.707,49 €	547,73 €	2.159,76 €
A2	18,94	33.498,68 €	6.344,65 €	2.392,76 €	453,19 €	1.939,57 €

As deducións por IRPF dependen da situación persoal de cada perceptor/a:

Neste cálculo partimos da situación familiar 3: solteiros/as sen fillos, casados/as con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais. Os tipos de IRPF son, por tanto, os que se aplicarían nesta situación. Os cálculos están feitos co IRPF fixado pola Axencia Tributaria para estas situacións no ano 2020 que en 2021 apenas sufriu modificacións.

Xubilación do profesorado de réxime xeral da SS

Como xa comentamos noutro apartado desta publicación, o efecto da reforma das pensións do ano 2011 provocou que o profesorado funcionario de carreira que pertence ao Réxime de Clases Pasivas do Estado fiquen como un colectivo a extinguir. Todas as persoas que aprobaron as oposicións após xaneiro de 2011 así como o actual persoal interino son, a efectos da súa xubilación, do Réxime Xeral da Seguridade Social, polo que se ven afectados de cheo polo empeoramento das condicións de acceso ás pensións pactadas naquela altura polo goberno, a patronal e os socios sindicais habituais.

Idade de xubilación

ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA	ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA
2021	37 anos e 3 meses	65 anos	2025	38 anos e 3 meses	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos		Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2022	37 anos e 6 meses	65 anos	2026	38 anos e 3 meses	65 anos
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses		Menos de 32 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses
2023	37 anos e 9 meses	65 anos	2027	38 anos e 6 meses	65 anos
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses		Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos
2024	38 anos	65 anos			

Base reguladora

A partir do ano 2022, a base reguladora será o cociente que resulta de dividir por 350 as bases de cotización das persoas que se xubilen durante os 300 meses inmediatamente anteriores ao do mes previo á xubilación. Esas bases de cotización son as contías que figuran nas nosas nóminas como C. Comúns (continxencias comúns).

ANO	MESES COMPUTÁBEIS/ DIVISOR	ANOS COMPUTÁBEIS
2021	288 / 336	24
2022	300 / 350	25

Desde xaneiro de 2013, o número de meses computábeis para o cómputo da pensión foise elevando progresivamente como produto da reforma das pensións pactada co sindicalismo estatal

Xubilación anticipada no réxime xeral

CONCEPTO	REQUISITOS	
Idade mínima para acceder á xubilación anticipada	Como máximo 2 anos de anticipo ao respecto da idade ordinaria de xubilación.	
Anos de cotización	35 anos cotizados	
Pensión máxima	Non pode ser superior ao resultado de reducir un 0,50% trimestral a pensión máxima (2% anual)	
Redución da pensión en función da cotización	Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	2% trimestral (8% anual)
	Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	1,875% trimestral (7,5% anual)
	Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	1,750% trimestral (7% anual)
	44 anos anos e 6 meses	1,625% trimestral (6,5% anual)

Período de cálculo da pensión no réxime xeral

Para o cálculo da pensión no Réxime Xeral téñense en conta as cotizacións dos últimos anos, cun período transitorio de ampliación e empeoramento pactado na Reforma das pensións de 2011. Neste momento, como xa comentamos, a intención do Goberno español é agravar aínda máis estas condicións, coa idea de incrementar o tempo do período de cálculo até os 35 anos. Todos os indicadores apunta a **unha redución das pensións e o propio Goberno cifra nunha redución media do 5,5%.**

ANO	PERÍODO DE CÁLCULO
Até o 2011	15 últimos anos
2017	20 últimos anos
2018	21 últimos anos
2019	22 últimos anos
2020	23 últimos anos
2021	24 últimos anos
A PARTIR DE 2022	25 últimos anos

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal